



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

BORRADOR ACTASESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- CASA CONSISTORIAL, XOVES 30 DE MARZO DE 2017 -

No día de hoxe, ás 13:30 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

PRESIDE:

MARIA JESUS NOVO GOMEZ

ASISTEN:

LUIS RICO VERA

ELISARDO MONTERO CASTRO

JOSE BALADO CASAL

AUSENCIAS:

SECRETARIA / INTERVENTORA:

REBECA VAZQUEZ VAZQUEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 23/02/2017 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DA ENTIDADE AUGAS DE GALICIA RELATIVO AO EXPEDIENTE SANCIONADOR INCOADO CONTRA ESTE CONCELLO POLOS FEITOS DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUAIS NON AUTORIZADO NO LUGAR DE CASAL DE MUNIN.

Pola secretaria dáse conta da resolución de data 15 de febreiro da dirección da entidade de Augas de Galicia relativa ao expediente sancionador polos feitos de vertido de augas residuais non autorizado ao dominio público hidráulico, con rexistro de entrada neste concello co nº 530 en data 08/03/2017, no que se resolve declarar responsable ao Concello de Boimorto da comisión dunha infracción leve tipificada no artigo 85 e) da Lei 9/2010 no t.m. de Boimorto e impoñer unha sanción de 2.500 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan por unanimidade interpoñer recurso de alzada perante o Presidente de Augas de Galicia alegando a falta de trámite de audiencia e falta de motivación da sanción imposta.

2.2.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE SANIDADE CONTESTANDO Á SOLICITUDE FORMULADA POR ESTE CONCELLO SOBRE A RESCISIÓN DO ACORDO DE VINCULACIÓN DO DEPÓSITO COA FARMACIA DE BOIMORTO E PETICIÓN DE INFORME DE VIABILIDADE DE PACTAR O SUBMINISTRO COA FARMACIA DA LOCALIDADE VECIÑA DE ARZÚA.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido da xefa territorial de Sanidade da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 579 en data 13/03/2017, no que da resposta á solicitude formulada por este concello sobre a rescisión do acordo de vinculación do depóstico coa farmacia de Boimorto e petición de informe de viabilidade de pactar o subministro coa farmacia da localidade veciña de Arzúa, informando do seguinte: "É a Lei 5/1999, de ordenación farmacéutica, no seu artigo 35, a que efectivamente regula este ámbito e obriga á vinculación cunha oficina de farmacia establecida na mesma zona farmacéutica que o centro. A lei non contempla excepcións que, polo tanto, só poderían ser a imposibilidade por non haber oficina farmacéutica na zona ou a negativa á vinculación de todas as oficinas establecidas na mesma.

Tamén comunican que outra posibilidade que teñan as residencias da tarceira idade é facer un convenio coa farmacia do hospital ou centro do sergas da área de referencia.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.3.- ESCRITO DO LETRADO-ASESOR XURÍDICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL COMUNICANDO QUE CON DATA 21/03/2017 FOILLE NOTIFICADA A SENTENZA DE 15/03/2017 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 4 DA CORUÑA NO PROCEDIMENTO SANCIÓN 764/2014

Pola secretaria dase conta do escrito remitido do letrado da Deputación Provincial, así como a SENTENZA de data 15/03/2017 recaída no procedemento sanción 764/2014, ditada polo Xulgado do social número 4 da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 659 en data 22/03/2017, no que se acorda "... Estimo la demanda presentada por Dña. Ana María Brea Iglesias frente al Concello de Boimorto y en consecuencia REVOCO totalmente la sanción objeto de los presentes autos, todo ello con condena del Concello demandado de Boimorto a dejar sin efecto la misma ..."

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as, quedando constancia de que a revogación da sanción trae a súa causa da separación por Alcaldía da proposta da instrutora de sanción inferior, sen motivación, deixando constancia o xuíz da existencia clara de comisión pola auxiliar de falta disciplinaria.

2.4.- ESCRITO DO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE A XESTIÓN DAS FACTURAS RELATIVAS A SUBMINISTRACIÓN DE ENERXIA ELECTRICA NA CONTABILIDADE MUNICIPAL

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido do presidente da Deputación da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 529 en data 08/03/2017, no que informa que responsables da Deputación reuníronse con responsables do Grupo Gas Natural Fenosa, para propoñer a posibilidade de facturacións agrupadas que simplifiquen o procedemento tanto de rexistro, coma do posterior tramitación e para iso achégase un formulario para cubrir sobre facturación enerxía eléctrica.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as e acordan trasladar ao departamento de contabilidade este escrito aos efectos oportunos.

2.5.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLO QUE SE APROBA A CONTA XUSTIFICATIVA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIIS DURANTE O ANO 2016

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación da



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 477 en data 02/03/2017, na que se aproba a conta xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP do 18/11/2015 (Actividades culturais).

O importe que se vai aboar é de 3.045,00 € (o resto do 50% da subvención concedida).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.6.- ESCRITO DO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL INFORMANDO SOBRE A MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE (PMA) 2016.

Pola secretaria dáse conta do escrito telemático enviado polo Presidente da Deputación da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 480 en data 02/03/2017, no que se informa que en sesión do Pleno Corporativo do 24.02.2017, aprobou unha modificación das bases reguladoras do "Plan provincial de Medio Ambiente (PMA) 2016", que foron publicadas no BOP nº 41, do 1 de marzo de 2017. De acordo coas bases modificadas, os concellos teñen que contratar, se fora o caso, as actividades e investimentos incluídos no PMA coa antelación suficiente para telas executadas e xustificadas antes do 31.10.2017, ás 14:00 horas.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.7.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLO QUE SE APROBA A CONTA XUSTIFICATIVA PARA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DURANTE O ANO 2016

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 711 en data 28/03/2017, na que se aproba a conta xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP do 18/11/2015 (Inversión promoción económica: aplicación para móbiles).

O importe que se vai aboar é de 3.590,74 € (o resto do 60% da subvención concedida).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.8.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLO QUE SE APROBA A CONTA XUSTIFICATIVA PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DURANTE O ANO 2016

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 711 en data 28/03/2017, na que se aproba a conta xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP do 18/11/2015 (Actividades promoción económica).

O importe que se vai aboar é de 2.096,00 € (o 100% da subvención concedida).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.9.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE AO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS NO ANO 2016.

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 739 en data 30/03/2017, pola que se aproba a conta xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP do 18/11/2015, correspondente ao exercicio 2016



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

O importe que se vai aboar é de 15.786,34 € (o resto do 50% da subvención concedida).
Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.10.- ESCRITO DO DIRECTOR XERAL DE CUALTIS COMUNICANDO A FUSIÓN COA EMPRESA MUGATRA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido do director xeral de Cualtis, con rexistro de entrada neste concello co nº 460 en data 27/02/2017, no que comunica a fusión das empresas Mugatra e Cualtis.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as, advertindo secretaria da necesidade de licitación de este servizo que ano tras ano se contrata como menor.

3.- LICENCIAS, PERMISOS, AUTORIZACIÓNS

3.1.- LICENZAS PERMISOS

3.1.1.- LICENZA DEFINITIVA DE ACTIVIDADE PARA MODIFICADO DO PROXECTO DE UNIDADE RESIDENCIAL PARA PERSOAS CON TRASTORNOS MENTAIS PERSISTENTES EN ARENTÍA, PARROQUIA DE ANDABAO, A INSTANCIA DE DÑA. MARÍA MAGDALENA LOJO ROZADA, EN REPRESENTACIÓN DA ENTIDADE NUESTRA SEÑORA DE LA MAGDALENA, S.L.

Visto o escrito número 2.899 de data 14/12/2016 no que por Dña. María Magdalena Lojo Rozada actuando en representación da entidade Nuestra Señora de la Magdalena, S.L. solicita visita de comprobación ás instalacións destinadas á actividade de unidade residencial para persoas con trastornos mentais persistentes ubicada no lugar de Arentía, parroquia de Andabao, acompañado de certificado de final de obra acreditando que se adaptaron as medidas correctoras impostas na licenza provisional outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local en data 29/10/2004 e se conceda a licenza para a posta en funcionamento da actividade.

Considerando que o expediente foi tramitado polo Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas e disposicións complementarias e tendo en conta a resposta dada polo Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en relación á consulta realizada na tramitación doutro expediente polo RAMINP e que sinala que a cualificación ambiental feita é válida segundo a disposición transitoria do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental. (Escrito de data 02/10/2012 rexistro de entrada nº 1590).

Realizada a visita de comprobación o día 2 de marzo de 2017 por D. Ángel Delgado Cid para o outorgamento de licenza definitiva de actividade, no que se acredita mediante acta cumprimentada que a actividade axústase ao proxecto presentado e que se adoptaron as medidas correctoras sinaladas na autorización provisional.

Visto o informe de Secretaría de 30/03/2017 coas advertencias nel contidas.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder a Dña. María Magdalena Lojo Rozada, en representación da entidade Nuestra Señora de la Magdalena, S.L. licenza definitiva de actividade de unidade residencial para persoas con trastornos mentais persistentes sita no lugar de Arentía, parroquia de Andabao, actividade a desenvolver cumprindo as medidas correctoras que constan no expediente.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por licenza de apertura de establecementos en aplicación da ordenanza fiscal nº 5 do Concello de Boimorto, que deberá ser ingresada previamente, sen a cal a licenza non producirá efecto ningún.

Base imponible superficie ocupada = 1.063,79 m²

Tipo = 1 €/m²

Cota a ingresar: 1.063,79 €uros.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á interesada e indicarlle que debe pasar polas oficinas municipais a retirar a licenza definitiva, xa que tal documento acreditaralle o dereito a exercer a referida actividade.

3.2.- AUTORIZACIÓNS

3.2.1.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA 3/2017

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 458, con data 27/02/2017, presentada por Dna. Gisella Karen Mendoza Atamacio, con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Canto do Balo nº 21, Arceo, 15818 Boimorto, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no lugar de Canto do Balo número 21, parroquia de Arceo, deste termo municipal.

Visto o informe do técnico municipal de data 20/03/2017.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a Dna. Gisella Karen Mendoza Atamacio, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para a vivenda sita no lugar de Canto do Balo número 21, Arceo, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

3.2.2.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DE CHURRASCADA NA PRAZA DA IGREXA DE DORMEÁ

Vista a solicitude presentada con entrada neste Concello co número 681 en data 24/03/2017, por D. José Antonio López Gómez con DNI 76503454A, en calidade de secretario da Asociación Deportiva, Gastronómica, Cultural e Ambiental Rápido de Dormeá para celebración dunha churrascada o día 5 de agosto de 2017 no lugar de Iglesia na parroquia de Dormeá con motivo do 15º “Memorial Rápido de Dormeá” así como a disponibilidad de material propiedade do Concello de dous contenedores para o lixo, tres vallas metálicas e dúas sinais de “dirección prohibida”.

En aplicación do artigo 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado 1372/1986 do 13 de xullo e de conformidade co disposto no artigo 37.1 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar a D. José Antonio López Gómez para celebración dunha churrascada o día 5 de agosto de 2017 na Praza da Igrexa no lugar de Iglesia parroquia de Dormeá, debendo de responsabilizarse do bo uso e limpeza das instalacións, sen privar do uso da mesma aos demais o día 5 de agosto de 2017, así como a disponibilidad do material solicitado, condicionando a autorización a:

1º.- Comprometerse a cumprir as condicións de seguridade e prevención determinadas por este Concello á hora de realizar o lume para a churrascada que se adxunta como anexo á notificación.

2º.- Os autorizados, ao rematar a churrascada, deberán deixar o espazo ocupado nas mesmas condicións de limpeza que no momento do inicio da mesma.

3º.- O Concello non se fai responsable de ningún dano que se ocasione o día da celebración da churrascada.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado aos efectos oportunos e ao servizo de defensa contra incendios forestais para o seu coñecemento.

3.3.3.- AUTORIZACIÓN USO DO EDIFICIO DA ANTIGA ESCOLA DE ARCEO PARA A REALIZACIÓN DUN CAMPEONATO DE TUTE A INSTANCIA DA COMISIÓN DE FESTAS DE ARCEO DO ANO 2017.

Visto o escrito presentado por D. Antonio Costoya Duro, con DNI núm. 78794693M e con domicilio a efectos de notificación en rúa Viriato Lamas nº 1 3º A (Ordes), actuando en calidade de membro da asociación cultural e recreativa de San Vincenzo de Arceo, encargada da organización das festas patronais da parroquia de Arceo, -nº rexistro de entrada 576 do 13.03.2017- sobre solicitude de autorización para o uso do edificio da antiga escola de Arceo para a celebración dun campeonato de tute o día 15 de abril de 2017 a partir das 21:00 horas.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar o uso do edificio da antiga escola de Arceo a D. Antonio Costoya Duro, con DNI núm. 78794693M, en calidade de membro da asociación encargada da organización de festas de Arceo do ano 2017, para a celebración dun campeonato de tute, o día 15 de abril a partir das 21:00 horas, condicionando a autorización a:

1º.- O solicitante queda responsabilizado da utilización do inmovible.

2º.- O solicitante queda responsabilizado da utilización das mesas que deberán ser conservadas no mesmo estado en que se atopan e entregan para o seu uso.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

3º.- O autorizado, ó remater a actuación, deberá deixar o espazo ocupado nas mesmas condicións de limpeza que no momento do inicio da mesma.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

3.3.4.- AUTORIZACIÓN CAMBIO TITULARIDADE E DOMICILIACIÓN RECIBO AUGA E LIXO DO INMOBLE SITO EN ALGALIA Nº 7 NA PARROQUIA DE DORMEÁ

Vista a instancia presentada no rexistro de entrada con numero 687 por D. Marcelino Gómez Enjamio, con DNI núm. 78793264W e con domicilio a efectos de notificación en Lg. Algalia nº 7, Dormeá, 15816 Boimorto (A Coruña), solicitando cambio de titularidade e domiciliación de recibo de auga e lixo do inmovible sito en Lg. Algalia nº 7 (Dormeá) antes a nome de Manuel Gómez Gómez.

A Xunta de Goberno Local, saíndo o concelleiro Jose Balado Casal da sesión por ter relación familiar co peticionario, por unanimidade dos presentes **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder con efectos do primeiro trimestre 2017 o cambio de recibo Lg. Algalia nº 7 (Dormeá) pasando de Manuel Gómez Gómez ao solicitante Marcelino Gómez Enjamio, domiciliando o mesmo na entidade bancaria Banco Santander e na conta cuio número se indica na solicitude.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

4.1.1.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 3/2017) PARA REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR TRADICIONAL PARA DESTINALA A PENSIÓN DE 3 ESTRELAS NO LUGAR DE IGLESIA, PARROQUIA DE BOIMIL, A INSTANCIA DE DNA. MERCEDES SEOANE BRAVO.

Visto o expediente da solicitude licenza urbanística de obra (OB-001), tramitado a instancia de Dna. Mercedes Seoane Bravo con DNI nº 33240065M, e con domicilio a efectos de notificacións en rúa Calexa s/n, 15810 Arzúa, solicitude con rexistro de entrada no concello co nº 2.526 en data 03/11/2016, para realizar as obras de rehabilitación de vivenda unifamiliar tradicional para destinala a pensión, no lugar de Iglesia, parroquia de Boimil, referencia catastral do inmovible: 001701200NH76C0001FZ, consonte ao proxecto básico e execución achegado coa solicitude, redactado polo arquitecto D. José María Lorenzo Fernández, colexiado 2.891, e visado dixitalmente polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia con data 20/10/2016; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo de núcleo rural orixinario denso e disperso, atopándose as obras proxectadas no solo de núcleo rural orixinario denso.

Con data 26/01/2017, rexistro de entrada número 171, presentouse no concello “Reformado de proxecto básico e proxecto de execución de rehabilitación de vivenda unifamiliar tradicional para destinala a pensión de 3 estrelas”, redactado polo mesmo técnico.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Con data 21/03/2017, rexistro de entrada número 655, José María Lorenzo Fernández, presentou no concello planos U1 e U2 reformados.

Vista a resolución de data 16/02/2017 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, rexistro de entrada 467 en data 02/03/2017, sobre a intervención no Camiño de Santiago, autorizando as obras. (Expediente número: 2016/0099).

Vista a resolución de data 07/03/2016 do Servizo de vías e obras da Deputación da Coruña, rexistro de entrada 730 en data 14/04/2017. (Licenza: 77/16)

Visto o informe de data 21/03/2016 do servizo provincial da Coruña da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruras, rexistro de entrada 730 en data 14/04/2017, comunicando que é competencia do Concello o outorgamento das debidas autorizacións ao comprobarse que as actuacións da solicitude localízanse fóra da zona de dominio público da estrada.

Consta no expediente os documentos de nomeamento de Dirección de Obra de data 16/12/2015, Dirección de execución de data 24/03/2017 e Coordinación de Seguridade e Saúde de data 24/03/2017.

Visto o informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 27/03/2017 dos servizos técnicos municipais emitido por D. Ángel Delgado Cid e informe posterior ao informe de secretaría do arquitecto D. Manuel Carro López de data 30/03/2017, favorable, sinalando que a actividade non ten que someterse ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental regulado na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Visto o informe de Secretaría de 30/03/2017 coas advertencias nel contidas.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra a Dña. Mercedes Seoane Bravo con DNI nº 33240065M (LO 3/2017), para executar as obras de rehabilitación de vivenda unifamiliar tradicional para destinala a pensión de 3 estrelas no lugar de Iglesia, parroquia de Boimil (solo de núcleo rural orixinario denso), conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo, cun orzamento de execución material de 301.427,14 €uros, sendo nomeado director de execución da obra e coordinador de seguridade e saúde o arquitecto D. José María Lorenzo Fernández, colexiado nº 2.891

SEGUNDO.- Someter a licenza de obras maior ás seguintes condicións:

- .- Outórgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais e baixo os condicionantes dos que consta no expediente e se indica nos considerandos deste acordo.
- .- Condicionantes sinalados nos informes técnicos e xurídicos indicados nos considerandos deste acordo.
- .- **Poderá elevarse a escritura pública da cesión de viais a favor do Concello para regularización do viario, alcanzando unha superficie de 354 m2, tal como consta no plano U2 ou inscribírase directamente a acta de cesión de viais no Rexistro da Propiedade por este Concello.**
- .- As obras deben axustarse ao establecido no artigo 31 do PXOM de Boimorto.
- .- Cumprírase a normativa do Decreto 57/2016, do 12 de maio, de Turismo de Galicia e Lei 7/2011.
- .- De conformidade co disposto no artigo 357.6 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispoñer, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente e tamén serán aplicables os artigos 47, 48, 49, 50 e 51 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014.

.- En relación a vixencia, caducidade, extinción da licenza e inicio das obras serán aplicables os artigos 42, 43, 44 e 46 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014 así como o artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 359 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia

TERCEIRO.- Informarlle á interesada que unha vez realizadas as obras para as que se lle concede licenza de obra e antes da posta en funcionamento da actividade, a mesma estaría sometida a comunicación previa, polo que deberá tramitala segundo o disposto no artigo 36 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014, utilizando o modelo CP-001

CUARTO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- LO 3/2017

Presuposto de execución material da obra: 301.427,14 €uros.

Liquidación: **6.028,54 €uros.**

QUINTO.- Notificar o presente acordo a Dna. Mercedes Seoane Bravo indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 10 de maio de 2016 (RE núm. 906) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	José Ramón Seoane Sánchez
DNI:	33217796T
Domicilio:	Rúa Pérez Constanti, 9-2º, 15702 Santiago de Compostela

Datos da obra:

Obxecto:	Reparación e reconstrución da cuberta dunha vivenda unifamiliar, respectando a estrutura orixinal de madeira, cunha superficie de Tellado de 78 m2.
Situación:	Lg. Marmoiral - Dorneá - 15816 Boimorto
Referencia catastral:	15010A508003270001KM
Orzamento de execución:	3.000,00 €uros
Cualificación urbanística:	Solo rústico de protección de infraestruturas (AC-840) e solo rústico de protección agropecuaria
Autorización sectoriais:	Servizo Provincial Consellería de Infraestruturas e Vivenda (AC-840)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

data 23 de febreiro de 2017)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa aos datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento ao informado polo técnico municipal no sentido de que **se terán en conta as condicións impostas na autorización do Servizo Provincial da coruña da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.**

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobamos a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 3.000,00 €uros

Liquidación 2%: **60,00 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo D. José Ramón Seoane Sánchez indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 29 de agosto de 2016 (RE núm. 2000) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Antonio Brea Costoya
DNI:	76474231J
Domicilio:	Paseo Alcalde Francisco Vázquez nº 65 6º Esquerda – A Coruña

Datos da obra:

Obxecto:	Renovación de cuberta mediante retirada de tella existente e colocación de tella nova
Situación:	Rúa Camiño das Cerdeiras nº 2 do núcleo urbano de Boimorto
Referencia catastral:	1219502NH7612S0001QF
Orzamento de execución:	7.200,00 €uros
Calificación urbanística:	Solo urbano coa ordenanza de edificación extensiva.
Autorización sectoriais:	Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio de data



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

	03/03/2017 autorizando as obras (expediente núm. 2016/1342 CNC)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid de data 15 de marzo de 2017)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento á resolución do 03/03/2017 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe do técnico: 8.905,00 €uros

Liquidación 2%: **178,10 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Antonio Brea Costoya indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 3 de marzo de 2017 (RE núm. 509) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Javier Sueiro Vázquez, actuando en nome e representación de Ganadería Ponte Boado, S.L.
DNI:	78796324A
Domicilio:	Lg. Ponte Boado núm. 5 – Arceo – 15818 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Construción de soleira de 4,20 x 3,70 x 0,40 m, separada 6 metros do eixo do camiño, sobre a que se colocará un silo metálico vertical de 9 metros de altura e 3 metros de diámetro, con un peso baleiro de 1.200 Kg e capacidade de 30.000 Kg de penso, colocándose dun cerramento ao longo da estrada, cunha lonxitude de 114 metros e 2 metros de altura, comezando cun pequeno muro de 1 metro de altura e
----------	--



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

	6 metros de longo para facilitar a entrada das máquinas a finca, continuando con 108 metros de cerre a base de estacas de formigón de 2,0 m de alto cada tres meses de distancia co fin de colocar fíos de arame liso. A distancia ao eixo do camiño desde o cerre será de 6 metros.
Situación:	Lg. Ponte Boado – Arceo - 15818 Boimorto
Referencia catastral:	15010A507004440001KL
Orzamento de execución:	1.452,00 Euros
Cualificación urbanística:	Solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección de augas
Autorización sectoriais:	Non precisa
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 20 de marzo de 2017

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade

ACORDA:

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa aos datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 1.452,00 Euros

Liquidación 2%: **29,04 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Javier Sueiro Vázquez indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.5.- ENMENDA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS (CP-004)

Examinado o expediente de comunicación previa de execución de obras, presentada en data 23 de marzo de 2017 (RE núm. 675) coas seguintes características:

Solicitante:	D. José Antonio Fernández Amaro, en representación de Unión Fenosa Distribución, S.A.
Domicilio de notificación:	Avenida de Arteixo, 171 – A Coruña
Actuación solicitada:	Subministro a unha vivenda unifamiliar, proxectase unha línea aérea de baixa tensión, segundo carpetas de permisos para P.S. redactada polo enxeñeiro industrial D. Miguel Ángel Bernal López, colexiado ICOIIG nº 2901
Ubicación da obra:	Lg. Lobomorto – Arceo



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Referencia catastral:	15010A507003840001KF
Orzamento:	790,41 €uros.

Resultando que, en data 5 de abril de 2017, os servizos técnicos municipais emitiron informe desfavorable sinalando que o tendido de liñas eléctricas en solo de núcleo rural haberán de ser soterradas, conforme ao disposto no apartado 16 do artigo 60 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Boimorto, así como en aplicación do disposto no artigo 40.2 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Solicitar, en aplicación do artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, enmenda da documentación presentada por ser necesario que a liña sexa soterrada, paralizando o inicio das obras ata a presentación de dita enmenda.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao solicitante sen indicación de recursos, por ser un acto de trámite, indicándolle ademais que, de non presentar a documentación solicitada no prazo de días, entenderase que desiste da súa solicitude, previa resolución que será ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

4.2.- OBRAS SERVIZOS

4.2.1.- PREAVISO DE PRÓXIMO CUMPRIMENTO E RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICO-URBANÍSTICA DO CONCELLO DE BOIMORTO

En aplicación do disposto nos artigos 221, 222.1, 223.h) e 225 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e artigo 109.1 a) do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas, e visto o contrato de servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello de Boimorto asinado o 05/05/2015 e prorrogado no 2016 coa empresa Cerne Ingeniería, S.A. e aplicando o disposto na cláusula 3ª do prego de cláusulas administrativa particulares da adxudicación de dito contrato a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Tendo en conta a normativa expresada, así como a cláusula 3ª do prego de cláusulas administrativas particulares da adxudicación de dito contrato de servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello de Boimorto asinado o 05/05/2015 e prorrogado no 2016 coa empresa Cerne Ingeniería, S.A., preavisar ao contratista Cerne Ingeniería, S.A. da intención desta Corporación de resolver o contrato citado con efectos 05/05/2017.

SEGUNDO.- Notificar este acordo á Empresa contratista aos efectos oportunos, concedendo de conformidade co artigo 109.1 a) do Real Decreto 1098/2001 xa citado, un prazo de audiencia de 10 días naturais a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo.

5.- ASUNTOS ECONÓMICOS

5.1.- APROBACIÓN DE FACTURAS

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia, por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
1701036565- 28/02/17	Autopistas del Atlántico Concesinaria Española, S.A. / A-15020522	Peaxe viaxe a Coruña nas datas 08/02/17 e 21/02/17 reunión convenio Ecoembes e recoller proxectos POS 2017 en Ceinsa	6,12 €
A/155-2016- 30/12/16	Galivalia Consulstgo S.L. / B70241088	Contrato de servizos de actualización, execución e	



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

		aplicación do convenio colectivo, acordo regulador e RPT-mensualidade de decembro. Adx. Contrato menor Decreto 237/2016 de 30/06/2016	1.008,35 €
8500000811-31/12/16	Alimentación Saludable Gallega, S.L. / ESB27831783	Servizo de alimentación na residencia e centro de día mes decembro 2016	5.837,00 €
8500001225-28/02/17		Servizo de alimentación na residencia e centro de día mes febreiro 2017	5.479,19 €
1:A:17/827-24/02/17	Soluciones Técnico Sanitarias S.L. / B70193040	Material de fisioterapia para a residencia e centro de día	75,75 €
09/17-27/02/17	Cerne Ingeniería, S.A. / A-15056468	Honorarios por asistencia Técnico-Urbanística ao Concello de Boimorto do mes de febreiro 2017	2.000,00 €
12/17-27/03/17		Honorarios por asistencia Técnico-Urbanística ao Concello de Boimorto do mes de marzo 2017	2.000,00 €
370-08/02/17	María Luisa Blanco Vázquez / 33241412-H	Servizo de limpeza traxes Reis Magos	170,61 €.
1-09/01/17	María Belén Amado Fariña / 76368695R	Servizo de enfermería na residencia (75 horas)	1.481,12 €
0001613-01/03/17	Tecnología de Desarrollo Sociosanitario S.L. / B05233994	Mantemento aplicación informática da residencia e centro de día mes marzo 2017	59,29 €
159917000000559-28/02/17	Supervisión y Control, S.A. / A15117609	Inspección técnica obligatoria da furgoneta da residencia marca Opel Combo, tractor e remolque	115,86 €
F066/016-30/12/16	Construcciones González y González, S.L. / B15165004	Realización da obra Mellora da contorna da caseta de información turística e sinalización de elementos de interese. Adx. Contrato menor Decreto 437/2016 de 05/10/2016. Subv. Deput. Investimento promoción turística 2016	2.439,99 €
F003/017-24/02/17		Material para reparación de beirarrúas e avarías de auga	1.076,44 €
123.462-28/02/17	Recambios Santiagueses, S.L. / B15214349	Subministro de intermitencia eléctrica 24V para o camión grúa	20,93 €
